

Núm. 24

15-2-25

# nós.

CASTELÃO



BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO  
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO  
Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º - A CRUÑA

ABONAMENTO

|                            |             |
|----------------------------|-------------|
| Doce números, na Península | 6 pesetas.  |
| Fora da Península          | 15 ..       |
| Número solto na Península  | 1 ..        |
| Na Argentina               | 60 centavos |
| En Cuba                    | 30 ..       |

*Pagos adelantados*

Este boletín non publica mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que, por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

*Soneto*, por ALVARO MARÍA DE LAS CASAS.

*A Regueifa*, por LEANDRO CARRÉ.

*Sobre o emprego do apóstrofo*, por ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL.

*A Edade do Ferro na Galiza*, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

*Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza*.

*Os homes, os feitos, as verbas*; pol-a REDAUCIÓN.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS  
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



A importancia da publicación

**L A R**

non precisa pregoarse

Vexa vostede calquera dos números  
publicados e quedará satisfeito

Todal-as novelas son inéditas e orixi-  
nales dos mellores escritores galegos.

Se vostede é amante das boas letras  
debe suscribirse á

**L A R**

Coste de cada número 30 céntimos

Suscripción a 6 números 1'60

**Administación: Real, 36-1.º**

**A Cruña**

**Dr. MOSTEIRO**

Médico  
Odontólogo

**Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X**

**A Clínica Dental mais completa de Galicia**

**Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA**

**LUIS FÁBREGA**  
**DROGUERIA E FARMACIA**  
Progreso esquina a Luis Espada  
**OURENSE**

**MERQUE VOSTEDE**  
**Plumeiros RAFIUM**  
De mais dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndense en todos os establecementos do ramo  
**Andrés Perille - OURENSE**

**Reloxeria ZENITH**

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

**M. Calviño**  
**OURENSE**



**A mais económica de Galicia**

**VIÑOS RANDULFE** de Bodegas Galegas - Finos de Mesa  
**OS PEARES (Ourense)**

**Sanatorio Quirúrgico**  
**Direitores:**

**Manuel Peña Rey**  
Ginecología e Partos

**José Mosquera Blanco**  
Cirugía geral  
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todas as condicións precisas.—Practícase toda crás d'operacións.—Dotado de todos os aparellos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X para diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia para tratamento de Aneurixas, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera. Lámpara de cuarzo para sol d'altitude e ultra-violeta para tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera. Admítese embarazadas, e cóntase con material esterilizado para fora da cidade en casos d'urxencia.—Poden colaborar en todos os compañeiros, previo consentimento dos directores.

**BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE**  
Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto  
**Macia e Valeiras, Apartado 18--Ourense**



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VI   ★   Ourense 15 Nadal 1925   ★   Núm. 24



Chorai, chorai o pe d'a Dolorosa,  
nai sin ventura, esconsolada nai,  
chorai por Cristo qu'en pasión gloriosa  
morreu por todos nos. ¡Nenas, chorai!

Quérote ver a ti tamén chorosa,  
miñ'amiguiña por chorar quedai  
n-a irexa fría, longa y-espaciosa,  
n-as horas tristes en que ninguén hai.

Chora tamén por El, meu amor, chora;  
maís o lembrarte d'a subrime hora  
en que morreu de Galilea o Rabí,

Acórdate das miñas agonías  
n-estas tardes saudosas, mouras, frias,  
en qu-a morrer estou, ¡tamén por ti!

ALVARO MARÍA DE LAS CASAS.





ADRIANO VILLALBA AO ILUSTRAR ARTISTAS

## A R E G U E I F A



O fillo do tío Chinto do Couto iba casar c'unha moza de San Vencio, branquiña e miuda, e mais d'un andar tan xeitosiño que lle valera o alcume de «A Parrula». Gustáralle ao mozo, faláronse, funaron xuntos unhas cantas noites das adicadas ao parrafeio, e por romale un e outro atopáronse tal e cal como para facer xuntoiro ante a benzón do señor abade.

Dixéronllo aos pais, e todo parecía ir ben. Xa se fixeran as visitas de ritual entre o pai do mozo, que fora un día de Santiago á cabalo da súa besta locindo a cumprida capa das grande solenidades e cochándose do sol c'un bon paraugas vermello que podía cobrir unha familia enteira. Recibírao o pai da rapaza na cancelada elra, atavilado co seu traxe de somonte, no que os belós de prata poñían un aquel de riqueza, e a súa camisa de liño mais fina que unha seda.

Conforme chegou o vello de San Xán, o seu futuro consogro axudouno á descer da besta, porque a goia tiñao cáseque elbado, e convidouno logo c'un xerro de viño da propia colleita que mesmo era un regalo.

Falárase naquela ocasión do que cada un dos rapaces había de levar, e se ben non quedaron do todo d'acordo en certos pormenores que ao tío Chinto parecíanlle moito pedir, e

que xa pensaría con vagar, trocáronse nonostante os consabidos presentes, e hastra sinalárase o día en que podería se celebrar o casamento; mais un acontecemento extraordinario e inesperado veu de súpeto obrigar á que se adlara a cerimonia nupcial.

A irmá do noivo, Lela do Couto, desapareceu da casa unha mañá.

Cando se soupo a nova, o disgusto foi de bullo, e a verdade é que a cousa non era para menos; á mais de que, por consecuencia da fuxida de Lela da casa paterna, falábase de que a tía Catuxa, que ofrecera unha grande regueifa para a boda, volvérase atrás do seu ofrecemento.

Todós os da familia pregoaron fachendosamente pol-a aldea que a tía Catuxa, rica tendeira que moraba na vila, había mandar unha regueifa grande coma a roda d'un carro para coroar o farturento xantar da boda. Xa se relambían os beizos pensando no doce, e a súpela noticia de que o pan d'ovo e sucre quedaba suspendido deixounos abrayados.

Tiña razón Lela en facer o que fixo, non había dúbida; non estaba ben que deixaran esguía á rapaza entramentres o fillo quedábase coa casa e con todo canto había nela, en brancura, en gando, en trebellos; hastra a eira co seu palleiro recen feito e mail-o hórreo onde encozaban á se acubulare as primeiras espigas do millo da nova colleita.

Non, aquilo non estaba ben; mais por eso, que os demais se viran privados de rillar o pan doce e deixaran de saborear a rosca de sucre e canela que se desfai na boca babosa de pracer, eso era moito castigo pra non teren culpa algunha.

E daquela encozaron as embalxadas, o intrín de todos por arranxar aquela custión e poñer paz entre os irmáns; en tratar de convencere á filla de que debía continuar á carón de seu pai, que todo había de volve-lo ao rego coa axuda de Deus.

Despois de todo, o caso non era novo. E mais, se ben se quer, era natural que os pais da noiva, denantes de entregar a súa filla, liven a certidume de que facían un bon casamento; de que nada lle había de faltar á rapaza. ¿Non era ela o seu tesouro? Pois qué menos habían pedir que unha casa para s'ela agari-mare, unhas roupas para se cochare na inver-nia, unha horta para asegurare o caldiño, unha eira para tere onde mallar o trigo, unha vaquiña para ire criando algún cuxo e mais axudaren no labor, e un cochiño para que o touciño mais algún pernil non mancasse?

Se o vello non tiña outro tanto para cada un dos seus fillos, o mal era para a que quedaba, mais o noivo había levar todo aquilo que os pais da moza pedían ou endenon o casoiro desfacíase.

E o noivo que estaba lolo pol-a rapaza pe-diú tanto, e de tal sorte, que fose por boas, fose por medo que o vello pillou, o caso é que un día pai e fillo fóronse cabo do périlo e en catro prumadas arranxouse a escritura onde costaba que o pai vendíalle ao fillo todo canto tiña: casa, roupas, trebellos, gando, horta, eira... á tro-co de non sei que débedas que o fillo pagáralle.

Cando a filla soupo tal, desfeita nun río de bágoas fuxiu cara á vila, en procura do agari-mo da súa tía Catuxa - a que ofrecera aquela regueifa para a boda - disposta á todo con tal de non voltar para a casa na que xa non tiña nada de seu, nen nada podía agardare, como, non fose o ter que lle servir de criada á propia cunhada, aquela «Parrula» que se facía dona do que en boa lei habería de lle pertencer á ela cando (Deus fixera que tardara moitos anos) o padre morrese.

A rapaza cavilaba que se ao cabo había ter que servir á alguen, mellor era que fose á xen-tes alleas que lle pagasen os seus servizos. E así marchouse para a vila sen sequer despedirse das súas xentes.

O vello se non decatou da ausencia da súa filla hasira a hora de xantar. Daquela enco-mazou á chamar por ela á berros, pol-a casa

adiante; e metíase na corte, ou subía ao sobra-do, entraba na adega... Despois pol-a eira, pol-o quinteiro. En valuto; a filla non respon-día nen aparecía por ningures.

O fillo iba en San Vicencio, reloucando de ledicia, pra lle dal-a boa nova á súa noiva, e mais aos pais, que agardaban a resposta aínda con maior desacougo que a rapaza; que ao ca-bo á ela gustáballe o mozo e o mozo quería se fose ben coberto de bés ¡cata que demoro!... mais por eso, inda sen que levara grande cou-sa, o non había desprezar, que un home lanzal coma aquel seu Xerónimo, e tan paroleiro, non era cousa de o rexellar.

E o vello atopándose só e sentindo fame, berraba - Ou Lela, Lelaaa! - e vendo a inuti-lidade dos seus berros - Condanada rapaza condanada! - e refungaba coxando na testa sen sabere o que había facer.

Andivo cacheando pol-a artesa, pol-a alace-na da cocíña... e nen cousa atopou que levar á boca.

Non, pois á casa do compadre non iba pedir que lle deran o caldo; para que lle sermonea-ran, para que lle dixeran: ¿E ti pra que deixa-ches a rapaza esguía? Vel'ahí tes agora; o ra-papaz boa duda ten, que coa súa muller hase d'arranxare, mais ti ¿cómo vas te amañar sen ela? ¿quen che fará o compango? ¿quen che val albendrar? ¡Se o pensaras, Chinto, se o pensaras! - E ben sabía él que aquilo non era xusto, mais, as cousas veñen así, non hai mo-do de lles fuxir.

E mentras daba vollos pol-a casa adiante, rosmando e falando só, ameazaba co pau, que lle facía de caxado para ire d'unha banda á outra co seu corpachón graso e entumecido pol-a gota.

- ¡Se te pillara! ¡Condanada!

Ao cabo non podía mais, e sentouse na pía onde pisaban o toxo da besta á carón da porta, baixo o alpendre, e alí agardou pacientemente os acontecementos.

Pol-a tardíña chegou a nova. Lela iba na vila; estaba en cas da tía Catuxa, e contáralle todo canto tiña pasado. O mais peor foi que a tía Catuxa, que ofrecera ire á boda e levar aquela consabida regueifa grande coma unha roda adornada de floríñas de zucre e ovo, cu-lo ofrecimento chamara tanto a atención na aldea, indinada pol-o feito da escritura, xurara que

antes partía unha perna que se presentare na festa do casamento, e no tocante ao doce, esa nin soñalo; non habería regueifa no xantar da boda.

E aquilo foi xa o último. ¿qué mais disgracias poderían vir?

A noticia corréu decontado pol-os rúelos da aldea e uns poñíanse da parte do pai na mentras que outros defendían a rapaza; as xenrelras parecía que desbordaban, en falsos, discutíase afervoadamente, e somellaba como se unha guerra civil fose á estalar na pacífica aldea.

Asuáronse os parentes, e despois de moitas discusións nas que interviron vellos e mozos, homes e mulleres, ao cabo conviñeron todos en que era preciso arranxar as cousas para que a debecida regueifa se non esvaeise coma a brétema da mañá.

E foron daquela as conversas dos curmáns co noivo, e os pallques das sobriñas co vello, ou as idas á vila das comadres para convencere á tía Catuxa e mais á Leliña.

Pero señor ¿podía ser aquilo? Despois de facer un ofrecemento, despois que a parroquia toda, e aínda nas da bisbarra, falárase e refelárase da ditosa regueifa que á todos tiña con degoros de lle chantal-os dentes ¿bábase deixar a xente coas ganas d'ela? ¿E qué decidirían os veciños? ¿e os que xa andaban maxinando cántigas pra disputala?

A regueifa tiña que ire á boda inda que houbera que rachal-a malfadada escritura, inda que...

¿E foi a regueifa? Non había ire se cáseque constituía un caso de dinidade colectiva? E mais algunhas das cantarelas fixeron alusión ao conflito, como aquela que dicía:

Vaites, regueifa pintada,  
fixécheste deseare;  
se cal o outro é teu reparto  
xa nos podemos marchare.

Ou aqueloutra:

Facede logo o reparto  
da regueifa debecida;  
nunca sufriu por regueifas  
tal degoro unha familia.

Ou aínda:

Cobizar, foi cobizada,  
mais ao cabo ela chegou;  
ven frorida e recendente,  
tamén desgustos custou.

Ás que puxo tomate estoutira:

Tamén desgustos custou;  
esquecede as inxusticias;  
diante a regueifa da boda  
n'ha d'haber mais que ledicias.

— Ben, pero ¿a rapaza conseguiu algunha mellora? ¿modificouse a escritura? ¿valeulle de algo a intervención dos parentes? preguntará algún curioso.

— Non tal — respóndolle —. Mais a rapaza asistiu tamén á boda, comeu un bon anaco da rosca famosa, e despois... despois marchouse á servir á vila.

LEANDRO CARRÉ.







## A NOSA ORTOGRAFÍA

# Sobre o emprego do apóstrofo



ousa moi importante e o tratar de fixar a ortografía da nosa fala. N'oustante as dificultades que n'elo hai, atrevémonos a dar a nosa opinión, cinguíndonos pol-o de hoxe a un punto concreto esometén-

donos ó fallo dos escritores rexionás, ós que toca dicir si vamos ou non por bo camiño.

Hastra o día cada un escribeu como lle veu ás mentes, y-esto non pode ser. É tan arbitraria a nosa ortografía que si fundándonos en textos dos literatos do país quixéramos formar unha escolleita de regras de escritura, sería conío de nunca acabar y-habería para todol-os gustos.

¿Non se pode poñer mru n'esa anarquía? ¿non se pode reducir esa tan vasta multipricidade de normas gráficas?

Coidamos que sí, y-a tal fin deben ir os esforzos dos que se xuzguen capaces para tratar da custión.

Non se cre o autor de estas liñas unha auto-

ridade na materia, nin mollo menos: da o seu parecer como un profano e deixa que os doutos falen, si queren.



Imos tocar hoxe un punto ben interesante: o emprego do *apóstrofe*, do que tanto se veu e ven abusando entre nos.

Proba de este abuso é que tal sino admítieno inda as palabras seguintes:

- 1.º A preposición *de*.
- 2.º Os pronomes proclíticos *me, te, se, che, lle*.
- 3.º A palabra *que* calqueira que sexa a sua función gramatical.
- 4.º A preposición *con* ó perdel-o *n* diante os artigos determinante ou indeterminante e tamén diante os pronomes personás *el=il, ela, elo* y-os demostrativos.
- 5.º O Advverbio *non* ó reducirse a *n* diante os verbos que empezan por vocal e diante os pronomes *o, a, os, as*.
- 6.º A preposición *en* ó reducirse a *n* diante os artigos, os adxetivos y-os pronomes que empezan por vocal.
- 7.º Y-en xeneral, as palabras proclíticas (nomes, adxetivos, pronomes, verbos, advverbios, preposicións, conxuncións e interxeicións formando entidade fonética cá palabra seguin-

te) cando van ante vocal, especialmente si ésta é igual á final de aquelas.

Como se ve, variadísimo é o emprego do apóstrofo, dando orixe a unha escritura de práctica moi difícil y-a unha lectura non mais doada.

Compre agora que estudiemos un por un os casos ditos, para si o apóstrofo pode ou non deixar de usarse, atendendo a razóns puramente gramaticas e tamén á mor facilidade tanto para o que escribe como para o que le.

**Primeiro caso.** - Non coidamos necesario o emprego do apóstrofo cã preposición *de*.

Esta preposición dou lugar, cõ articulo determinante, ás contraicións *do, da, dos, das*, que escribiron, e inda algúns escriben, *d'o, d'a, d'os, d'as*. ¿Para que estã apóstrofo, como non sexa para dificultar a lectura y-a escritura? Os mais dos autores tiveron xa o bo acordo de suprimilo. Os portugueses non-o empregan. En castelán tampouco se escribe *d'el*.

Nos demais casos en que a preposición *de* antepónse a unha vocal, non hai mor dificultade en que aquela se conserve íntegra.

Folga a discusión cando a palabra que sigue empeza por *e*. Para os efectos da pronunciación ¿que mais ten escribir *hei d'estar ali* que *hei de estar ali*?

No tocante ás palabras que empezan por outra vocal que non sexa *e*, tampouco se precisa o apóstrofo.

Abonde como exemplo o seguinte cantar popular, que damos escrito cã ortografía tradicional:

«Si chove deixa chober,  
si orballa deixa orballar,  
qu'eu ben sei *d'un* abriguño,  
onde m'hei *d'ir* abrigar».

Poñamos agora os dous derradeiros versos na ortografía que preconizamos, y-ouservemos que a pronunciación ven a sei-a mesma:

«que eu ben sei *de un* abriguño  
onde me hei *de ir* abrigar».

O e n'este caso, coma n'outros semellantes, é ausorvido y-escurecido pol-a vocal da palabra seguinte, debido a mor sinificación que esta palabra ten sempre, faguéndose esto de seu, sin precisión de indicalo na escritura. Y-a mais de ser así ¿acaso non val nada a coe-nencia de conservar enteiras as palabras, en

atención á comodidade ortográfica y-á facilidade para o leitor?

**Segundo caso.** - Canto acabamos de dicir pode aplicarse ós pronomes proclíticos *me, te, se, che, lle*. Así pois, escribiráse: *non m'atentes, cando te atope, non se apure, non che ha de valer, non lle andes con voltas*.

Por esceición, cando as formas *me, che, lle* anteceden ós pronomes *e, a, os, as*, convén escribilas elidindo o *e* e faguendo unha soia palabra co-istos, así: *mo, ma, mos, mas, cho, cha, chos, chas; llo, lla, llos, llas*. Exemplos: *cando me levou, sempre que llo dixen, nunca chas pideu, xa llo recomendé; colleumo, dou-chas, mandoullo*. Trátase de contraicións análogas ás de preposición y-articulo *do, da, dos, das*. Probad o innecesario do apóstrofo para éstas ¿a qué conservalo nas outras?

Pero cando as ditas formas *me, che, lle*, pospostas inmediatamente ó verbo, anteceden ós artigos *o, a, os, as*, non deben sufrir elisión. A razón é que os mentados pronomes forman cõ verbo unha soia palabra, cuya integridade é mester respelar, y-os artigos son palabras distantes que van aparte. Exemplos: *axustoulle as contas, mandoume o libro*.

No seguinte cantar popular - que ten música especial denotada pol-a dislocación do acento na palabra *polainá* - pode verse un exemplo ben craro do que derradeiramente deixamos establecido:

«Asentáchesme a polainiña,  
asentáchesme a polainá,  
asentáchesme de este lado  
que do outro non che está».

**Terceiro caso.** - A palabra *que* nas suas varias funcións gramaticas veuse usando ordinariamente con apóstrofo, inda que non faltan exemplos do contrario, en especial cando se emprega con sentido interrogativo ou escramativo.

Dita palabra *que* considerada foneticamente pode ser tónica ou átona.

No primeiro caso non debe perderse o *e*, única vocal onde ha recaer o acento. Suprimir este *e* sería igual que desfacer a palabra ou trocalle de natureza. O correito é escribir: ¿*qué hora é?*, ¿*qué andrónas tras?*, *non sei que andaba buscando*.

E no segundo caso, ven a reducirse a unha

proclítica, á que pode apricárselle o que xa dixemos da preposición *de*.

Si non está xustificada a elisión do *e* de *que*, tampouco ten razón de ser nos seus compostos.

**Cuarto caso.** — A preposición *con* al térase formando as seguintes combinacións, que primeiro escribiremos fonéticamente, para ver logo, como resultado do esame e comparanza das mesmas, de que xeito convén representalas:

Cô articulo determinante da *co*, *coa*=*ca*, *cos*, *coas*=*cas*.

Cô indeterminante da *cun*, *cunha*, *cus*, *cunhas*.

Côs pronomes personais *el*=*il*, *ela*, *elo* da *coél*=*coil*, *coéla*, *coélo*.

Côs demostrativos da *coéste*=*coíste*, *coése*=*colse*, *coaquel*=*coaquil*.

En todas as combinacións anteditas o que pasa fundamentalmente é que a preposición *con* perde o *n*.

Xunta a forma *co* resultante cós artigos *o*, *a*, *os*, *as*, outíxose *co o*=*cô*, *co a*=*câ*, *co os*=*côs*, *co as*=*câs*.

Débese, pois, escribir *cô*, *câ*, *côs*, *câs*, denotando a condición longa da vocal mediante o acento circunflexo.

Algúns vólense do apóstrofo (*c'o*, *c'a*, *c'os*, *c'as*), pero xuzgamos preferíbles as formas con circunflexo por mais esautas.

Tamén se pode usar *coa* por *ca* e *coas* por *cas*, que incesantemente fan moitos *co-a*, *co-as*.

A preposición elítica *co* xunta cō articulo indeterminante funde o *o* no *u* — con que empezan todas as formas de este articulo — debido á proximidade dos referidos sons. O procedente, pois, xa que non se adouten as formas de contraición que resultan de escribir fonéticamente — e non hai razón fundamental en contrario — é que se representen as ditas formas denotando cō apóstrofo a perda do *o*: *c'un*, *c'unha*, *c'us*, *c'unhas*. Non queremos ser tan reformistas como para chegar a preconizar n'este particular a ortografía fonética, inda que o poidéramos asimilar ó da combinación de *co* y o articulo determinante. Por esta vez vámonos cā prática unánime dos nosos escritores, en razón, precisamente, de esa mesma unanimidade.

Tratándose dos personais e dos demostrativos, o elemento *co* si non se quer deixar ínte-

gra a preposición, debe pôrse separado, a medio de un guión indicador da perda do *n*. Non procede a xunanza dos dous elementos na escritura sin o guión, porque así quedara dúbida a pronunciación e teríase que acrarala valéndonos de acentos, o que non sería mais ventaxoso que a intercalación de aquél sino. Pol-o tanto, adoutaremos esta ortografía: *co-el*=*co-il*, *co-ela*, *co-elo*; *co-este*=*co-iste*, *co-ese*=*co-ise*, *co-aquel*=*coaquil*.

As formas *co-il*, *co-iste*, *co-ise* resultan mais eufónicas, por efecto da disimilación de vocás.

Hai quen emprega o apóstrofo en lugar do guión; pero, a mais de que os que tal fan son os menos, convén non esquecer que o apóstrofo denota elisión de vocás e non de consoantes.

**Quinto caso.** — O adverbio *non* diante os verbos que empezan por vocal e diante os pronomes *o*, *a*, *os*, *as* pode perder o *n* derradeiro, de xeito parecido ó que sucede cā preposición *con*.

Ese adverbio *non*, si non se quer conservalo íntegro, convírtese diante o verbo que empeza por vocal en *no* — ou en *n* v. gr.: *no-habla*, *n'había*. É preferíble a segunda maneira por mais eufónica.

Diante os indicados pronomes *o*, *a*, *os*, *as* cabe que o adverbio *non* quede inalterable seguido de guión para indicarl-o enlace do *n* final cōs pronomes, ou ben que forme contraición *co-iles*.

Exemplos de cando *non* permanece inalterable: *non-o viron*, *non-a deixaron*, *non-os trougueron*, *non-as colleron*.

Cando *non* se contraí cōs pronomes estamos n'un caso igoal o de *cô*, *câ*, *côs*, *câs*.

Así temos: *no o*=*nô*, *no a*=*nâ*, *no os*=*nôs*, *no as*=*nâs*.

Preferimos, pois, as formas *nô*, *nâ*, *nôs*, *nâs*, contra as de apóstrofo que algúns usan (*n'o*, *n'a*, *n'os*, *n'as*), as que, en todo caso, serían propias mais ben — si foran necesarias, que *nô* son — para denotar a redución *n* da preposición *en* cō articulo determinante; y-admitimos tamén *noa* e *noas* analogamente a *coa* e *coas*.

Exemplos da contraición de *non* cōs pronomes *o*, *a*, *os*, *as*: *nô viron*, *nâ deixaron*, ou



*noa deixaron, nós trougueron, nâs colleron ou noas colleron.*

**Sesto caso.** A preposición *en* redúcese a *n* diante as palabras que empezan por vocal.

Si antecede o artigo determinante, contráese co-*il* sin indicación algunha: *no, nas, nos, nas*. Exemplos: *vou no carro, estivo na feira, nin nos fladellos, nin nas romarías.*

Si antecede a calquera outra palabra que empece por vocal, debe empregarse co apóstrofo: *haya faguer n'outro viaxe, non creio n-il.*

**Séptimo caso.** Os nomes, adxetivos, pronomes, verbos, advverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións, no caso de seren proclíticos ante palabra de vocal inicial, non se empregarán nunca con apóstrofo pois éste, que sempre os deforma, pode n'algunha ocasión dificultar o sentido ou a claridade de aquelas palabras.

••

Como resume estabreceremos as seguintes conclusións:

**Primeira.** Na escritura debe ser tendencia xeneral o respetar a integridade das palabras, non empregando o apóstrofo sinon en casos concretos e caracteristicamente definidos.

**Segunda.** Procede admitir estas contraccións sin apóstrofo:

a) Da preposición *de* y-o artigo determinante (*do, da, dos, das*).

b) Das formas pronominais *me, che, lle* con *o, a, os, as* tamén pronomes (*mo, ma, mos, mas; che, cha, chos, chas; llo, lla, llos, llas*).

c) Da preposición elítica *co* y-o artigo determinante (*có, coa=cá, cós, coas=cás*).

d) Do adverbio elítico *no* cós pronomes *o, a, os, as* (*nó, noa=nâ, nós, noas=nâs*).

e) Da preposición *en* reducida a *n* diante o artigo determinante (*no, na, nos, nas*).

**Terceira.** Procede admitir estas contraccións con apóstrofo:

a) Da preposición *con* reducida a *c* y-o artigo indeterminante (*c'un, c'unha, c'us, c'unhas*).

b) Do adverbio *non* reducido a *n* diante os verbos que empezan por vocal *n'había, n'estaba*).

c) Da preposición *en* reducida a *n* diante calquer palabra de vocal inicial que non sexa o artigo determinante (*n'un, n'este, n'aquel, n'outro*).

**Cuarta.** Debe admitirse tamén a combinación da preposición elítica *co*, separada a medio de un guión, y-os pronomes persoais *el = il, ela, elo* (*co-el = co-il, co-ela, co-elo*) ou os demostrativos (*co-este=co-iste, co-ese=co-íse, co-aquel=co-aquill*).

ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL.



# A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

En col dos ritos funerarios, das cerimoniais necrolátricas e da relixión familiar dos espíritos dos antepasados, que deberon ter en Galiza importancia indubidábel, carecemos case en absoluto d'información. Os textos, salvo a descrición dos funerais de Viriato, que nos deixou Apiano e que dada a incerteza que reina respecto ó lugar onde se celebraron, non pod'aproveitarse a noso caso, nada din sobre isto particular, y-en canto á arqueoloxía, já dixemos qu' a nosa terra é escasísima en enterramentos da Edade do Ferro. Murguía lembra así e todo na súa *Historia*, (1) un torques e uns frenos de cabalo, encontrados d' il n-unhas mámoas. De ser certas estas noticias, teríamos un dato relativo á persistenza en Galiza do túmulo hallstattiano, que d'elisltr, debeu e volucionar mais tarde á tumba plana con estelas ó getlo das que s'erguían nas necrópolis castelás, anqu'habendo antr'elas a diferenca d'apareceren as galegas decoradas ás veces, co-a svástika, co-a roda ou con figuras estelares, y-estar faltas de todo adorno as de Castela. Hai pouco comunicoume o meu amigo Arturo Noguerol, o achádego no Castro de Morgade d'unha sepultura coberta por unha pedra que tiña esculpido un signo cruciforme, igual a outros das cianias portuguesas do Miño, e que non abrigaba mais mobiliario qu'a fuma cineraria, que rompeu o labrego que fixo a descuberta. Teñen tamén asegún Lete de Vasconcellos (2) carate funerario, as célebres estatuas dos guerreiros lusitanos, unha das cuas, aparecida na provincia d'Ourense, conservaba aínda a inscrición: *Adrono Veroti*, qu'ó parecer, é o nome do morto representado en efíxe, acompañado do seu pai: *Adrono Veroti filius* (3) Do mesmo carate funerario gozan pr'o

autor das *Religiões da Lusitania*, as esculturas de pedra que figurando porcos, andan tan vastas na arqueoloxía do N de Portugal, e tamén en Castela, y-aínda na Vasconia, e sobre cuo orixe e destino tanto se ten discutido, e que de ter valor necrolátrico, ceais estea relacionadas cos porcos bravos cuos restos aparecen acompañando os dos xefes galos da Marne. (1)

Pero a mais d'istes cultos dos mortos, a mais da creencia nas divindás guerreiras protectoras das tribus, e dos deuses das fontes, dos ríos, dos bosques e das montañas, o mundo relixioso dos galegos protohistóricos, debía estar povoado por infinito número d'espíritos inferiores, qu'asegún a súa condición boa ou ruim, precisábase agarimar ou afastar. As doenzas das persoas e dos gandos, a perda d'unha colleita, y-astu, cousas miudas, o lume do fogar que non s'alce, o fio de lá ou de liño que se creba no tear ou na roca, eran atribuídos seguramente ó influxo gafante d'aqueles espíritos inimigos do home, que pra protexerse, contra d'eles, valíase de signos profiláuticos, coma eran o triskeles y-o tetraskes, as svástikas y-as figuras cruciformes escultrados en cen pedras dos castros, coma profiláuticos eran así mesmo, os pentáculos y-os riscos de Salomón que se ven grabados en fusasolas, vasixas, e pesos de tear recollidos en Santa Olaya, (2) é sentido amulético, acochado na súa forma, na súa materia, na súa coor, ou no seu dibuxo, debían ter todas ou pol-o menos

(1) Estas representacións de porcos debían ter a mais d'un valor necrolátrico (esculturas coa inscrición latina e aínda lúpidas adornadas con porcos en relevo. Vex. P. Francisco Manoel Alves, O Castro de Sacoas, O Arqueólogo Português, vol. XXIII, pag. 317) un valor amulético, já que patronaban cohorias de soldados galegos, e levábanse encolgadas o pescozo (Vex. Gómez Moreno, La Legión VII Gemina Ilustrada, B. de la Academia de la Historia, t. LIV, e así mesmo P. Fita, Epigrafía Iberica y Griega de Cardenosa, Avila, Loc. cit., t. LVI, 291).

(2) Santos Rocha, Santa Olaya, Portugal, t. II, estmpe. XXVI, XXVII e XXIX.

(1) II edición t. I.

(2) Religiões da Lusitania, t. III.

(3) C. I. L. 2019.

parte das doas de vidro ou de barro que s'afopan por certo ben d'abondo na cibdade de San Ciprián de Lás, e tal suposición na creenza nos espíritos inferiores, n-esta pequena relixión dos elementales robustécese mais ó ver com'a cochediña na súa miudeza, sigue vivindo no folk-lore da nosa terra, namentral-os deuses guerreiros, os dos ríos y-os dos montes, tan temidos qu'ocasionaban verdadeiros tabús com'o do Limia y-o de Monte Sagrado, fuxiron pra non voltaren, non deixando de si mais lembranza qu'a morta e reseca qu'atopamos nas follas d'un texto ou nas letras d'unha lápida.

## IX

## A VIDA ECONÓMICA

A Galiza da Edade do Ferro foi, asegún se tira dos autores gregos e latinos, un país de metás, de bosques e de gando, y-á veira d'estas principáis fontes de riqueza, iniciábas'unha agricultura adicada de preferencia á procura dos graos e do liño.

Os xacementos metalíferos do chán galego son gabados acesamente por case todol-os autores que d'íles s'ocuparon. Asegún Posidonio, (1) había no país dos Ártabros, grande fartura d'ouro, estano, prata e promo. Strabon (2) fala do estano e do promo das Cassitérides. Alustós ás minas galegas alcóntrans'en Marcial, (3) Plinio, (4) Silio, (5) Claudiano (6) e Solino (7).

«País feliz, que ten d'abondo froitos e gados», chama Strabon (8) á nosa terra. Lembranzas da fartura de caza nos seus montes e de pesca no seu mar, alcóntranse en Marcial, (9) Plinio (10) Gracio (11) e Justino (12) din qu'os cabalos galegos eran fortes, de paso suave e bós trepadores. Qu'as nosas terras no tempo da conquista romana, estaban cobertas de bosque, sabémolo por Orosio, (13) e que n-istes bosques debía haber moitos car-

ballos e teixos, tírase d'un pasaxe da *Geographica* (1) e d'unha alusión de Floro, (2) Os muíños de mau cuio achádego é case constante en castros e citañas, amosan qu'os graos eran elquí cultivados, y-o párrafo de Plinio adicado ó liño de Zoela, (3) denuncia a procura d'esta pranta textil.

O aproveitamento de tales riquezas estaba com'é natural, en relación co-as sinxelas necesidades dos povos d'aquél entón. Os minerás da terra dos Ártabros, (y-é de supor qu'esta referencia alude principalmente ó ouro) eran asegún Posidonio, (4) recollidos pol-as mulleres ó seren arrastrados pol-as correntes dos ríos, e lavados despois en guelpos de vimio. A esplotación do ferro, do cobre e do estano debía reducirse a apañal-os minerás que se presentaban a flor de terra, coma di Plinio, (5) ou a cavar nos filós superficiais, com'asegura Posidonio, mais sin chegar cecais a practicar verdadeiras minas. A procura dos graos non era tan intensa que permitira esculir o pan feito de fariña de landras de que fala Strabon, (6) y-o fiado e tecido do liño e da lá, serían sin dúbida industria caseira e familiar, coma foron hastra fai pouco nas nosas aldeas.

Mais qu'a pesar da sinxeleza dos seus procedementos, tiñan os galegos certa habilidade industrial, dicenol-o feito de que moitos produtos saídos das suas maus tiveran en Roma boa acollida. O liño de Zoela, emprinciaba a usarse no tempo de Plinio sobre todo pra traxes de caza, sin dúbida pol-o resistente e forte do seu fiño e da súa erdume; as capas de lá de Galiza son mencionadas por Marcial; (7) Trogo Pompeyo (8) gaba as espadas feitas co noso ferro, y-o Bilbilitano (9) canta mais d'unha vez no seus epigramas as copas douradas de Galiza, co que ven confirmar a habilidade técnica que Silio (10) atribue ós cinceladores das armas d'Annibal, referencia qu'aque non teña o valor rigoroso que lle deron algúns historiadores regionáis, demostra pol-o menos a súa que nas artes ourivesarias

(1) In Strabon III, III, 2.

(2) III, V, 2.

(3) Libro X, epígrm. 16.

(4) XXXIII, 21.

(5) Libro I.

(6) Gabanza a Serena.

(7) XXIII, 10.

(8) III, III, 5.

(9) Libro X, epígrm. 37.

(10) VIII, 67.

(11) 214. Cít. por Schulten in Hispania, pág., 64.

(12) XLIV, III.

(13) VI, 21.

(1) III, III, 7.

(2) IV-12.

(3) XIX, II.

(4) In Strabon III, III, I.

(5) XXIV, 47.

(6) III, III, 7.

(7) Cít. por Murguía, Hist. de Galicia, t. I, I edición.

(8) XLIV, III.

(9) Libro IV, epígr. 39, Libro XIV, 95.

(10) Libro II.



tiñan os galegos, debendo lembrarnos tamén a iste respecto, coma fai Hubner, de que Mesdumus, (1) o artista que firma as faleras de Lauersfortium, leva un nome que figura ben veces na epígrafa latina das dúas ribeiras do Miño.

Mais já denantes da conquista romana, denantes de qu'a nosa terra entrara no comercio do Imperio e se vira cruzada de camiños e penetrada pol-a civilización do Lacio, facíase n-ela un comercio cuia intensidade variaría seguramente, asegún as difrentes vicisitudes por qu'atravesaron os povos con quen tal comercio se realizaba. A iste trato refírese seguramente Avieno (2) ó falar das expedicións tartesias ás illas Oestrimnicas, e mais a miúdo Strabon, (3) que cecais toma de Pytheas algús dos seus datos, ó tratar das Cassitérides. Recollían n-elas os extrangeiros, en primeiro lugar, o estano y-o promo, e tamén pelicas e vasijas de barro, e deixando no seu canto, oujeitos de bronce, sal e viño. Hai que confesar así e todo, que tal comercio, pol-o que fai relación ós oujeitos de bronce, non deixou sinal nas nosas estacións protohistóricas, onde todo o qu'aparece feito co-aquela aleación ten un carate ben indígena; pero podemos atribuílle en troques, algús restos d'ánforas e de cerámicas á roda qu'apareceron nas nas nosas citanias e nas portuguesas do Miño. (4)

E pra rematar, farei notar qu'o carate industrial y-hastra artístico mais marcado dos galegos da Edade do Ferro, a sua habilidade nas obras metalúrgicas coincide co que Dechelette ouserva respecto dos Galos. Despois de lembrar iste autor a tradición conservada por Plinio relativa ó establecemento en Roma, denantes da guerra de Breno, do ferreiro Helvelo Helicón, o que demostra o apreclados qu'erán dende tempos ben antigos n-aquela cibdade, os traballos dos metalúrgicos transalpinos, di: «Les anciens et notamment Cesar, ont été frappés de l'habileté des forgerons gaulois.» E mais adiante, engade: «Au dire de Varron; la cotte de mailles était une invention d'origine celtique; or, la fabrication de cette armure exige une grande habileté technique, et

quand bien meme l'information de l'auteur latin serait inexacte, le seul fait qu'il l'ait accepté démontre que l'adresse des forgerons gaulois, était alors tenue en haute estime.» (1)

## X

## OS USOS Y-OS COSTUMES

Ó ocuparse o geografo d'Amasia (2) dos usos e costumes dos antigos galegos, establece diferencias antr'os que vivían nas ribeiras do Douro, os qu'habitaban as montañas, y-os moradores das illas Cassitérides.

Di dos primeiros: «Os que viven perto da corrente do Douro, teñen costumes lacónicas; úntanse dúas veces o corpo, usan vasos cocidos con pedras quentes e lávanse co-a y-auga fría; frugalmente comen d'un sollo alimento e despois engade pol-o que respeita ós montañeses: «Beben auga, deitanse no chao, fan cair longamente o cabelo das mulleres, facendo ademais qu'a fagiana lles sexa velada pol-a mitra. Comen sobre todo castrós... Alimentanse dúas partes do ano, coas landras dos carballos secas y-esmagadas, logo, moéndolas, fan pan d'esta farinha, y-así gárdana pr'o resto do ano. Usan tamén cervexa; teñen pouco viño y-o que reciben gástano logo cos amigos en ledos banquetes. A mantelga fai antr'elles o uso do aceite. Comen sentados en roda, e teñen á veira das paredes asentos pr'iste uso. Ó comeren dan os primeiros lugares á idade y-á dinidade; á hora de beberen, levan bailarís que danzan con música de flautas e trompetas, choulando, axoenllándose, e incrinand'o corpo reutamente... Usan vasixas de madeira com'os Celtas... Os que viven no interior das terras, usan de cambios en vez de diñeiro, ou dan anacos de folla de prata. Ós condenados a morte bóitanos atados d'end'irto penedos; os fraticidas, sacados fora dos límites, son mortos a cantazos. Fan os casamentos á moda grega. Espoñen os enfermos nos camiños, seguindo o vello costume dos Egipcios, pra qu'os aconsellen os que teñen experiencia do seu mal. Hasira Bruto, usaban embarcacións de coiro, por mor das lagúas e inundacións, agora certamente úsase pouco d'istes barcos. O seu sal é roxo, per'o moelo faise branco.»

(1) C. I. L. 2020.

(2) Ora Marítima.

(3) III, V, 2.

(4) Vex. Santos Rocha. Ob. cit. e Alves Pereira, Cinquidécima Arqueológica O Archeológico Português, vol., XX, pág., 224.

(1) Manuel, I, II, págs. 550-551.

(2) III, III, 7 e III, V, 2.

Respeito dos moradores das Cassitérides, di, a mais de faguer constar qu'o seu caraute era inclinado á paz, que vivían do gando, e qu'a mor parte d'iles non tiñan casa e que s'acollían en calquer abrigo.

Estas informacións da *Geographica*, tan interesantes pol-a cantidade de datos que proporcionan e que son ademais as únicas que temos acerca dos costumes das nosas tribus prerromanas, teñen en troques na súa contra a chata da súa vaguedade. Sollo no referente ós habitantes das ribeiras do Douro, localiza Strabon con exactitude. A maneira de vivir dos montaneses non a refire sementes a Galiza senon tamén «a aqueles que confinan co lado septentrional da Hispania: os Calaicos, os Astures, os Cántabros, hait'os Vascós e Pirene, pois todos viven d'un mesmo xeito».

Tal unanimidade nos costumes en gentes que apareceron já coma distintas ós ollos dos Romanos e nas que os arqueólogos y-os filólogos modernos ven coma diferentes (os Astures son pra Schulten ligures, os Cántabros, iberos pra Bosch, y-os Vascos pr'iste mesmo autor, o derradeiro resto da raza qu'il chama pirenaica) (1) non se concibe facilmente, podendo presumirse ou que Strabon atribuíe ó conxunto de tales povos os costumes d'un soilo, ou qu'avencellou n-un feixe o que respeito de todos iles sabía; anque pol-o xeito d'estar posto iste relato, incluso na descripcón da Lusitania, y-a continuación das referencias relativas ós habitantes das ribeiras do Douro, pol-o feito de nomear ós Calaicos denantes dos Astures, Cántabros e Vascós, por mencionar cando fala dos ribeiros d'aquél río, y-ocuparse despois dos montaneses, os sacrificios de vítimas humanas, e pol-o dato relativo ás barcas de coiro, qu'atopamos tamén en Avieno (2), podemos enxergar con trazas de certeza qu'a mor parte das referencias strabonianas fan relación á nosa terra.

Pol-o que toca ás gentes que vivían nas Cassitérides, non pode menos de chocar o contraste qu'ofrece o seu caraute pacífico co-a alento guerreiro y-o espírito loíador que lateaba no resto de Galiza, mais sen que poidamos dar a iste, ó parecer contrasentido, nin-

gunha explicación satisfactoria. Poderíase cecais sospeitar que Strabon confundiu as nosas terras estanníferas co-as da Armórica ou da Britania, pero tal suposición desfalece ó ver qu'a descripcón das Cassitérides incúyese no libro III da *Geographica*, e que n-outro lugar do mesmo libro (1), dícese: «Nasce (o estano) nos bárbaros qu'habitán na cima da Lusitania, e nas illas Cassitérides; tamén o levan de Britania a Marsella, o que separa de maneira indubidábele os nosos xacementos dos armoricanos e bretós que alimentaban o mercado Marsellés, sendo iste pasaxe tan termiñante qu'o mesmo Dorostin (2) declara qu'as illas Cassitérides n-il mencionadas estaban na Galiza».

Respeito ós costumes dos ribeiros do Douro e dos montaneses, pouco podemos engaderir ó dito por Strabon. O matrimonio estilo grego, de que tanto partido teñen tirado os nosos helenómanos, pode referirse, ben a certas semellanzas no ceremonial dos casamentos, cousa, probabre, pois já Scymno (3) di qu'os costumes dos Celtas eran imitantes ós dos Gregos, ben a existir en Galiza a monogamia, coma cre Schulten (4). A maneira de comer sentados en roda, a substitución do aceite pol-a manteiga, o uso da cervexa (a *cella* ou *ceria*) (5) celtibérica de Plinio y-hastra a intemperancia no beber o viño, son cousas que encontramos repetidas veces en Posidonio (6) e Scymno (7) ó falar dos Galos, habendo outras en troques, com'o uso da mitra que teñen que se atribuir ou a supervivencias dos povos celtas, ou á influencia dos iberos, cuías mulleres aparecen en varias esculturas, provistas d'aquél tocado. (8)

(1) III, II, I.

(2) Manuel, pág., 170.

(3) Fragmenta, ver., 183.

(4) Hispania, pág., 98.

(5) XVIII, 12 e XXII, 82.

(6) In ateneo, IV, 32 e 36.

(7) Fragmenta, vers. 186.

(8) Especialmente nas figuras cerámicas do poboso das Serretas (Alcoy).

**Cerveza MAHOU**  
A MILLOR DE ESPAÑA

(1) Vex. Bosch, Ensayo, pág. 109 e segs.

(2) Ora Marítima.

## ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

## ( C O N T O S )

O galo e o raposo (1)

No tempo en que falaban os animais, achou unha vez un raposo moi larpeiro a un galo erguido na pola d'un carballo e púxose a parolar c'o él d'iste xeito:

—Bos días nos dé Deus amigo, cómo che vai?

—Ben e a ti?

—Non che oyo ben; porque non baixas?

—...

—Sei que desconfias? Non sabes que hay unha orde que di que agora nin os gatos poden comer aos ratos, nin os raposos aos galos nin os cas os raposos... baixa home que non che hei de facer nada.

—Xa sei hó; mais agora que me decato non son cans aqueles que veñen pra eiquí?

¡E mais son! dixo o raposo e dicindo esto deu en correr namentras que o galo rindo a gargalladas lle cantaba:

—¡*Aaamostrall'a oooordel Aaaa-mostrall'a oooordel...*

Recollido en Boiro por

R. MARTINEZ LOPEZ

do S. de Estudos Galegos.

(1) Conhecemos algunhas variantes d'iste conto. N-unha d'elas, procedente do Castro de Caldeas, cando o galo viu vir correndo os cas, díxolle ó raposo:

—E quen serán aqueles qu'ali veñen correndo?

O raposo qu'aínda nonos vira, respondeu:

—Serán os escribanos, qu'o veñen notificar (referíndose á orde).

Mais cando notou qu'eran cas, dixo que tiña presa e botou a correr. Cando chegaron os cas, o galo berráballe:

—Escribanos, notificallol!... Escribanos, notificallol!

O home, a cóbrega e o raposo

Unha vegada iba un home de caza pol-o monte, e atopou c'unha cóbrega debaixo d'un penedo que por moito que se revirichara non podería sair. Só se lle vía a testa.

—Señor home— díxolle a cóbrega — queme quitar este penedo qu'está enriba de min, que m'esta magoando todo o corpo? Si m'o quita heino de facer feliz.

Entón o home ergueu a pedra e veu como saía unha cóbrega, un mundo longa que lle dixo:

—Agora vouche comer.

—E por qué?— díxolle o cazador todo extranado. (1)

—Porque podo en ti — Contestoulle o diaño da cóbrega — porque teño mais forza que ti.

—¡Págasme ben o favor que che fixen!—

—Non foras burro; agora vouche comer.

—Eso si che deixo — díxolle o home que tivo un pensamento — porque eu tamén teño forza.

—Pero teño eu mais que ti—díxolle a cóbrega.

—Pois mira; vamos facer unha cousa: vamos ir en ca-lo señor xuez e que él diga quen ten mais forza e despois peleámonos, estantos?

—Bueno, pois vamos, dixo a cóbrega.

(1) Iste é o tema da fábula na que a cegofa lle tira un dolo que se l'atravesara ó lobo na gorxa, e despois o lobo quixo devorar.



Chegados onde o raposo, que era estoncias o xuez dos animais, propuxéronlle a custion mais el díxolles que pra mellor fallar era preciso ir ao lugar de autos e xa ali mandoulle á cóbrega que se puxese como estaba cando a atopou o cazador e así que ista voltou a estar debaixo d'o penedo mandoulle ao home que se marchase mais este preguntoulle como lle pagaría.

—C'un par de galiñas págasme d'abondo — Mañán tráemas por eiquí que che ei de estar esperando.

Mais o home seguindo o consello da sua muller, en vez de galiñas lebourne o seguinte día metidos dentro d'un saco un par de cans como toutizos.

Chegou o raposo ó outro día pero como era moi desconfiado pideulle ao home que lle ensinase as crestas dos galos e o home lle ensinou as linguas dos cans ate que quedou convencido.

Mais cando foi abrir o saco e veu sair aos cás deu en correr, corre que te correrás hastra que xa canso sentouse n'un penedo e ollando prás suas pernas dixo:

Miñas perniñas  
miñas pernans  
sí non fora por vos  
cómianme os cans

(Recollido en Negreira por  
R. MARTÍNEZ LOPEZ  
do S. de Estudos Galegos.)

### Romance

Unha moza qu'estaba gardando o gando d'un señor que pensaba en casarse con ela veuse sorprendida por un seu antigo galan e sosteñen iste diálogo:

—Rufiniña hermosa  
Ti que fás ahí  
—Gardando o gando  
estou eu eiquí  
—Rufiniña hermosa  
ti vente connigo

n'ese monte sola  
córreche peligro  
—Quen me tal di  
quen me tal desea  
ou queres que perda  
a facenda allea  
—Non che digo eso  
nin tal como eso  
dígoche que veñas  
a tomar-o fresco  
—A tomar-o fresco  
non vou nin irei  
que me dirá meu amo  
que m'enredei  
—Si che di teu amo  
en que te enredaches  
dille que orballaba  
e que te abrigaches  
—Non conto verdá  
eu mentir non sei  
vou gardal-o gando  
que o perderei  
—C'un pecho de prata  
eu cho pecharei  
o gando Rufiña  
eu cho gardarei  
—Dios cho pague guapo  
que estas ben ufano  
con pecho de prata  
gardal-o meu gando  
Pechos de prata  
teño de romper  
Rufiña hermosa  
por che dar prazer  
—Vaite d'ahí guapo  
non me deas pena  
que vai vir meu amo  
trael-a merenda  
—Ogallá viñera  
ogallá chegara  
ogallá soubera  
que eu contigo estaba  
—Adiós Rufiña  
quédate embora  
vou votal-o gando  
d'aquel balo fora

Moi incompreto. E distinto do que trae Ballesteros (Cancionero popular gallego t 1.º pag. 97).

Foi recollido en Senra por  
R. MARTINEZ LOPEZ  
do Seminario de Estudos Galegos.

FALAR DOS ANIMALES

### O que din os corvos

Caava, caava, caava...  
Si queres a pedra,  
tíralle a terra  
canteiro de m...

(En Tenoiro, Colovade)

Recollido por F. B. B.

### Adiviñanza

Dende Sant-lago hastra A Cruña  
sen moverse aló chegou.  
Se choveu mollouse abondo  
senón enxoiado quedou.

O camiño

(En Sant-lago)

Recollido por F. B. B.

### O xogo da raqueta

Sentadas arredor total-as cativas que  
xogan, cada unha pon as suas maus  
estasas co a palma n-os xionllos. Entón  
unha d'as nenas vai beliscando un por  
un os cotobelos de cada mau ao tempo  
que di así:

Dedin, dedin  
de repiniquin  
cuando el Rey  
por aquí pasó  
siete aves convidó  
solo una que dejó  
ni para tí,  
ni para mi,  
ni para el Rey de Portugal.  
Cabezolín, cabezolán  
vaite deitar  
ao niño d'o can.

Finando de dicir esto, engurruña o  
cotobelo miñique. E logo repítese o ro-

mance pra cada un dos catro cotobelos longos de cada mau.

Fan así total-as nenas unha por unha e cando xa todas teñen as maus pechas, pónenas unhas riba das outras alternadamente. Cando a columna está así feita, pregunta unha nena:

—¿Qué é esta?  
—A raqueta (Contestan todas)  
—¿Qué hay por dentro?  
—Pan valorento.  
—¿Qué hay por fora?  
—Pan de riola.  
—Vamos tocar un pouquiño a zanfona.

Entón comencan todas a mover os puños imitando coa boca pecha o zoar d'o avesouro e procurando non se rir. A que se ri, panda.

Panda no colo d'a que ten o seu frente e as outras poñenllas maus n-as costas engurruñando os cotobelos a capricho. E moí a prisa dinlle así:

Tincolín, tincolán.  
Pol-a vila, vila van  
al palacio, la cocina.  
¿Cántos dedos tés encima?

Se non atina, repítese outra vez y-outro hastra que atine. Entón érguese y-o xogo volve emprençiar.

Nota.—Iste xogo é unha variante dos Contos de Pico, pico, mazarico, e Pinto, Pinto, gorgorito. Soilo coñecemos un d'istes últimos, recollido en Castela por D. José María Azpeurritia, onde se nomea a Portugal o dicir:

Pinto, pinto, gorgorito  
saca la vaca de veinticinco.  
De que lugar  
de Portugal.

E a todos os outors, e no que damos hoxe, é común a alusión ao Rey y a Reina.

Recollido en Carliño, Condado d'Orizuela.

por BEN-CHO-SHEY.

Outras variantes:

O de «Dedín, dedín» dícese tamén asína:

Pin, pin,  
Zaramaca pin,  
cuando el Rey  
por aquí pasó  
a todas las aves convidó,  
solo una que voló  
Zape, gache  
Vete a esconder  
detrás de la puerta  
de San Miguel.

Emprégase, ben pra botar a sorte pros escondites, ben pra marcar o que panda no xogo de *Picote la berza*. N-iste, panda no colo do que dirixe, e un dos outros, dálle un moxegón no traseiro, e o que dirixe, dícelle:

—Quen te picou?  
—A berza — responde o que panda.  
—Quien te picó que aparezca.

Érguese e busca o que o picou. Si o atopa, panda iste; si non, sigue pandando ata qu'o atope.

O dos puños un por riba do outro é outro xogo, que n-Ourense é asína:

Vanse señalando os puños e preguntando:

—Pun puñete,  
—Pun puñete.  
—Que hai por dentro?  
—Pan e formento.  
—Que hai por fora?  
—Pan e miola.  
—A miolar, a miolar

E o que ría ha de parar.

E fan coma se dí no anterior.

N-Allariz, ó perguntar por cada un dos puños: «Que é esto?», respóndese: —«Pun puñete»; ó chegar ó derradeiro respóndese: Unha uña negra», y-enton ven o de «Que hai por dentro, etc.

O de «Ticotín, ticotán», en Caldeas faguíano dando alternado no lombo do que panda cos cotenos e os cóbedos, rematando por poñer os dedos, e dicindo:

De codín, de codán,  
de la cuerda, cordobán,  
del Palacio a la cocina,  
cuantos dedos hai encima?

De todos iles hai variantes no tomo de Miscelánea da *Biblioteca de las tradiciones populares españolas* de Machado.

V. R.





## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### Carolina Michaelis de Vasconcellos

**MORREU** Carolina Michaelis de Vasconcellos.

A cultura galaico-lusitana — entidade histórica unha — tivo decote nas suas sabias verbas afirmanza e probanza que s'espallaron por todol-os centros da outa mentalidade, aquén e alén dos lindeiros da Romanía.

Densa e fermosa obra deixa feita a grande esculadora das fendas e solerrañas e misteriosas fonte onde se cria e das que xurde a beleza literaria e artística. Obra que é un monumento inmorrén, ergueito á gloria eterna da nosa cultura.

NÓS toma fondonísima parte no doer que por ela sinten a unha Galiza e Portugal.

### As sesións do Seminario de Estudos Galegos

**A** froitosa labouira que ven desenrolando iste xurdido centro universitario compostelán, coñecida xa d'abondo pol-os nosos lectores, prega a mais fonda atención de todol-os galegos.

Das institucións nadas na quentura do noso rexurdimento cultural, ningunha tan nova e tan enxebre como ista que veu arrecadar os esforzos denantes arredados da nosa inteileituidade.

Pol-o seu pulo forte i-orientado poido a vella Compostela tornar ao seu carácter de guelira nos veirales da ciencia galega.

Na sesión primeira feita n-iste ano pol-o xuntoiro devandito, foron elexidos pras vacancias determinadas pol-a ausencia do mestre Cotarelo e do Bouza Brey, o Dr. Cabeza de León, i-o Filgueira Valverde, pra os cargos de Presidente e Censor respectivamente.

O Dr. Cabeza de León, devanceiro nas xeliras do galeguismo, home mozo nas arelas e nos coñecimentos, ten unha tan fonda personalidade: i-un tan ben conquerido nome nas nosas letras, e non he mester falar de como diante do Seminario orixinal nos precedentes.

O Filgueira Valverde tense posto en pouco tempo nas ringleiras da nosa esgrevia mocidade, traballando moito e ben por Galiza e pol-o Seminario.

D-iste xeito a xunta directora do S. E. G. fica

composta por istes elementos persistindo como Segretario o dos anos anteriores, Lois Tobío Fernandes outro mozo exemplar, asisado traballador na nosa hestoria e afervorado galeguista.

Pra o cargo de secretario da sección de informacions e correspondenza que denantes desempeñara o Filgueira Valverde, foi eleito o Martínez López xa coñecido dos nosos lectores por tere colaborado no noso Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia.

O traballo de escomenzo do curso encomendado ao presidente foi un estudo encol dos «Festexos da Universidade Cor postelá pol-o nacemento del — Rei Luís I» cheo de intrín pra investigazón dos nosos costumes na época barroca.

O novo censor ao tomar posesión do seu cárego mentou con loubanza aos membros ausentes, adicando garimosas verbas ao recordo do primeiro socio falecido o presidente de honor Dr. Lago González gran galego, santo galego a quen moito debeu o Seminario.

O secretario leu logo a memoria — resumen do curso derradeiro — dando conta dos traballos nel levados a cabo.

Na segunda sesión leu o novo censor señor Filgueira Valverde o seu estudo anual, encol de «A paisaxe no Canzoeiro da Vaticana». Traballo erudito de xeito novo e de grande ensino, que veu abrir un novo veltro as orentazós do Seminario. Tema do mais outo interés non solo pra a Terra senón tamén pra verificazón da hestoria do Ideal da paixase na teoría de Ruskin.

Na terceira sesión o presidente adicou unhas verbas a lembranza de Florencio Vaamonde i-o Martínez López disertou encol da industria do salazón na Galiza. Iste traballo amosra ben como o Seminario espalla a súa aitividade por hourizontes do meirande intrín práctico.

Na sesión cuarta fixo o seu ingreso o director de Lar, Leandro Carré Alvarellos lendo o seu drama «O Engano» de ambiente cibdadán, desenrolado na cras meia, de grande exemplaridade e de moi belido estilo.

Na quinta sesión, diante de moitísima concurrenz, pronunciou o mestre Cabeza de León unha conferencia eruditísima encol dos personaxes galegos no teatro castelán. A forza do estudo asisado da lenda moura de Galiza no exterior manifestouse fondamente nas verbas do Dr. Cabeza. Unha grande cantidade de salnetes inéditos onde se fai escarnio as mais das

veces da Nosa Patria foi copiada e estudada por el en Madrid. Xuntos a eles certas obras xa publicadas menores en número e superiores en mérito que gaban aos galegos debense a coñecer moitos datos pra formar a idea que de nos se tivo.

Pol-o demais o Seminario prepara iste ano unha grande e continuada laboura. A intensificación dos traballos bibliográficos, a ordeación dun catálogo da lingua, a feitura dun vocabulario castelán-galego, a reconstitución galega do Coloci Brancutti, e mais que nada a creación dun Gabinete Antropométrico, dirixido pol-os Drs. Cadarso e Rovira Carreró, e de dúas seccións de ciencias naturais, bioloxía e análise químico de terreos galegos darannos moito que gabar neste ano.

Tamén colleu o Seminario unha boa abada de novos socios, antr-os que topan a P. Atanasio López, D. Casto Sampedro o coengo Sr. Portela Pazos e os alumnos da Universidade Ramos Fernández, Castroviejo y Blanco Cicerón, Lugo, Lousada e Noia.

Da Biblioteca do Seminario que salu c-unha fermosísima obrinha de Filgueira Valverde e que seguirá con outras de Castela, Otero Pedraio, etc. falamos en outro lugar.

N-outras sesións foron propostos pra correspondentes Mr. Frankowski e o noso ilustre colaborador Phileas Lebesgue, e pra socios, os Sres. Correa Calderón e Espinosa. Xavier Pardo leu a súa tradución de *La Légende de la Mort dans la Basse Bretagne* de Le Braz, e o Dr. Cabeza unhas conclusións sobre a obra de Beltrán y Róz pide *Colón, genovés*.

Da dirección da sección de Geoloxía encargouse D. Isidro Parga Pondal. Estanse faguen os traballos preparatorios pra inicial-o Museu Etnográfico, e tamén se tomaron acordos encol do Archivo de Galiza.

En xaneiro terá o Seminario unha sesión de homaxe a D.<sup>a</sup> Carolina Michaelis de Vasconcellos.

T. C. F.

## LIBROS

IDEARIUM REGIONALISTA. Esquema sintético de la evolución regionalista ibérica, por José GARCÍA ACUÑA, Cruña 1925.

EN 234 páxinas, pequenas, pero mestas e aproveitadas, cheas de fundamento da erudición histórica e polítea, ofércenos o Sr. García Acuña o seu pensar tocantes ó regionalismo. É un traballo que o autor presentou en 1918 a un Certame que houbo en Santiago co gallo da Semán regionalista, e que publicou despois en folleto en *El Noroeste* da Cruña. O tradutor de Charles Brun e de Duguit, o repousado e documentado doutrinista agrario

e políteo, amosra eiquí ben com'esta ó corrente da historia social de Hespaña, da que fai unha crara interpretación, e mais das derradeiras solucións do dereito público europeo. Moito hai pra deprender n-iste librito, aínda prós que, com'o seu prologador, Antón Villar Ponte, e o autor d'ista nota tamén, non estamos conformes con certas conclusións das que o Sr. García Acuña sostén.

O *Idearium Regionalista* contén unha doutrina do mesmo espírito que a espota por Brañas en *El Regionalismo*, embora, a pesar do qu'insiste na concepción do regionalismo coma sentimento, haxa n-iste libro menos apaixonamento que no do gran Precursor. Crar'está qu'o de García Acuña é un libro moderno, un libro de hoxe; e ademais que toca sómentes o problema políteo, deixando fora o problema espiritual, que é no que nós, os d'agora, nos fixamos máis afincadamente. Compre ter en conta estas dúas circunstancias. Mais, sen deixarmos de telas presentes, tamén compre dicir que, no tocantes ás reivindicacións galegas e regionalistas en xeral, non adianta unha pasada máis adiante que Brañas. E coma queira qu'o pensamento galeguista andivo n-istes derradeiros anos moito camiño, sobre todo na mocidade, n-iste aspecto, de García Acuña, vai resultar ós ollos dos rapaces d'agora un pouco inatual.

Non por iso deixa de ser útil pra máis do 70 por cen dos lectores galegos, dende logo, pra todos eles, aínda prós outros 30 por cen, pol-o moito que n-il se pode deprender de doutrina polítea, anque sexa pra fundamentar un criterio moito máis avanzado, pois moitos dos que o facemos, non é co-a sólida documentación do *Idearium Regionalista*. Despois de todo, n-il trasparez a idea federal, que hoxe vai ganhando moito creto nas aforas do galeguismo. N-il resulta afirmada con convencimento, e coma necesidade normativa suprema, a variedade da Hespaña, e posto no primeiro termo como suposto preciso pra toda renovación política vital, o problema que tal variedade plantea. E isto aínda é moito pra moita xente.

OS NENOS, por Xosé FILGUEIRA VALVERDE, Pontevedra, 1925. Edición Lar

CO-ISTE libro començase a Biblioteca do Seminario d'Estudos Galegos. Unha linda *plquette* de trinta e dúas páxinas, c-unha lámina e fermosas inicias mol modernas de Luís Pinho Fonseca, que teñen unha lonxana imitación co-as qu'André Derain puxera en *L'Enchanteur ponant* de G. Apollinaire.

Cada unha das quince inicias principia un conto ou pazo, sen título titular, breves, feitos e sentidos con lembranzas de cando o autor era neno, co-esas fondas impresións primeiras

zas que se non esquecen endejamais, y-escritas co feitiño tenro e punxente das *Cousas* do Castelao, posto por caso, pazos nidiamentos galegos y-engebremente humanos, d'un fondo encanto de hoxe e de todol-os días.

O estilo e o verbo, escolleitos e nobres, d'un engebrismo requintado e preciosista, son os que poidéramos chamar da escola do Cotarelo. Un galego de caste erudita, un pouco arbitrario na ortografía, e un estilo que un poidera dicir de *densidade mefa*.

Istes contos, amparados baixo do rubro do Seminario, van adicados ós nenos d'Irlanda: «dos nenos enxendrados no medo, nascidos na dor, criados na fame» e, n-unha arrautada de suprema piedá, tamén ós fillos dos verdugos da Eirín. Ist'acordo, coma todo o demais do libro, ten un cheiro consolante de fresca e recendente mocidade.

ALMA TRISTE, por  
AUGUSTO M.<sup>a</sup> CASAS

AUGUSTO M.<sup>a</sup> Casas publicou iste seu primeiro libro, en castelán. Chega ben mozo á vida das letras, e cecaís por esa causa é iste seu primeiro libro é un libro de versos. Por esa causa e por ser galego o autor.

Sonetos de feitiño clásico, d'escorreito endecasílabo, e de sentimento romántico e místico espresado ás voltas con refinamento conceitual. Ten achegamentos de ideas contrarias, e sentimentos que ó exagerarse, van dar no seu oposto. Geito de proceder qu'indica moita leutura dos místicos especialmente.

Andan apesares d'isto, n-iste libro, os temas do modernismo *fin de siècle*: tema do peregrin, tema do desterro, tema de San Francisco d'Assis... Temas que non andan tan longe do misticismo, pois por algo foi aquilo tempo un tempo de *ruival*.

Chega ben mozo, Augusto M.<sup>a</sup> Casas á vida das letras, mail-os versos, si pol-o sentimento e o pensamento son de rapaz - e non bote isto a mala parte - pol-o desenvolvemento e feltura son ben madurecidos. Augusto M.<sup>a</sup> Casas é un poeta feito. Agora, a deixal-o camiño andado de mais da poesía castelán, e que veña pol-o mais novo qu'a nosa lénxoa lle presenta.

A PROPIA VIDA, por  
LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS (Lar, Cruña, 1925).

O director de *Lar*, que é un dos nosos mais fecundos escritores, dá non.º 14 d'aquela publicación unha noveliña d'amores de moito intrín, cumprindo co seu propósito d'estudare e presentarl nas nosas letras o ambiente cibdadán e os melos de señorío da nosa terra, empresa que, coma levamos dito d'outras veces, poucos de nantes d'el acometeran. O autor alina a pre-

sentar iste ambiente atal e coma é, sábelo sacal-o zume literario con abelencia.

A *propia vida* presenta a historia d'un amor qu'os ciúmes desfán, ata qu'a casualidade lle pon diante o esposo a imaxe da tragedia qu'il pudo causar deixándose levar do cisma.

O asunto vai ben desenvolvido, e a noveliña está geitosamente escrita.

ARBOL, por JULIO J. CASAL, Biblioteca Alfar, Cruña, 1925.

Istes poemas d'agora - demasiado imitantes ús ós outros, eiquí e alén - istos poemas *suítes* de modulaciós d'images en col d'un tema calquera, teñen, cand'o poeta é un home emolivo, coma no caso de Julio J. Casal, un engado que sin ser novo, é verdadeiro. Non hai dúbida.

Dentro da uniformidade da moda, a persoa- lidade do autor dá o sentimento.

O tenro e pladoso sentimento de Julio J. Casal maniféstase ben n-istes poemas nos que os arbres viven, sinten e arelan com'os cristianos, já que a fraternidade franciscana do autor emprestoulles alma, e co-a y-alma emprestoulles tamén desexos e tristuras - que onde hai desexo, hai tristura, e onde hai concencia, hai saudade... Alnda mais: en metamorfoses ovidianas, os arbres convírtense en nenos, en paxaros, en difuntos tamén, do mesmo gelto qu'o Serán é bandeira de coores, e a y-auga seda que cosen as agullas das arbres...

E todo isto, sen intención filosófica ningunha; non estamos eiquí diante do panteísmo mollado de brétema d'un Teixeira de Pascoaes. Mais grego que indo, Julio J. Casal non fai mais que poesía sinxela, arte pol-a arte, c'un tenro e fraternal curazón de neno, sen compriación metafísica que poida embarazar os vidros cooreados da súa fantasía.

O héroe d'*Alfar*, o poeta dos *Cincuenta e seis poemas* e de mais de duas veces outros tantos, sabe aprical-a óptica novísima axeitadamente, á súa visión do mundo.

VIDA GRIS, Novela por  
SARAH LORENZANA Editorial Pueyo, Madrid.

SARAH Lorenzana é unha esquritora galega que, anqu'inda moza, leva xa publicada unha abundosa colección de libros. Xa nos tempos en qu'Alfredo Vicenti dirixía EL LIBERAL colaboraba cásque cotianamente na selección *cuentos propios*. Moitos dos entón ali publicados figuran hoxe no seu libro *Basqueijos*.

VIDA GRIS, é a súa derradeira novela. N'e-la, en ben feitos capítulos, fiados ó redor d'unha disgraceada aventura d'amor adúltero, sabe criticar xulciosamente á señoritiña con ribereles de *niña bien*, qu'acogulada de romanticis-



mo sensíbelo, que non é máis que falla de crianza, afógase mas que das augas da vida provinciana, a *vida gris*. Tamén dibuxa con xeito o esnaquizamento da paz vilega, orixinada pol-os vicios cosmopolitas de dous fidalgos, un marqués i-unha baronesa, qu'agachan s'ú dos enfeizadores comprimentos cortesáns, seus insíntos d'apache.

Toda obra está tecida con atraente sinxeleza i-eisposta con léxico ben traballado.

Non embargantes o engado d'ista novela, nós preferimos algúns dos contos d'ista autora, moitos dos cales están feitos lembrando esceas presenciadas por ela na súa Terra.

J. N. B.

ESCUMAS E BRÉTEMAS.  
Versos gallegos por LISARDO R. BARREIRO 180 pags.

ISTE «vello copreiro xa esquecido» - non tanto como il coida - é autor d'un dos máis fermosos libros de versos galegos que n-este século se teñen imprentado.

Ademirador do chorado Añón, a quen tanto s'asomella, trepou como il o célico Curota, dend'onde ollou a Galiza; i-o vela tan meiga e sinxela, tan froida e bela; máis inzada de chagas e vencellada c-as cadeas da inxusticia, vñu sóbor d'ela cón azas de piadosa fantasía, repicando aquí ledos trinos, deitando acolá bágoas de troveiro namorada ou de fillo cariñento. Chora os aldraxes da nai, pro non fire ós aldraxadores.

Eis o qu'è, en síntesis a poesía do «vello copreiro», tral-a lus das súas máis belidas composicións.

O libro, que leva unha fermosa portada do pintor galego Juan Luís, está ilustrado con dibuxos e c-os retratos dos máis sinificados percursos, o pé dos cales van unhas sembranzas dinas do mestre Lisardo Barreiro.

Leva dúas adicatorias: *Os novos*, axuntados unha nova Hirmandado redentora, «tremolando a sacra bandeira azul e branca», *Os vellos*, «*Os nosos que xa foron*», *Os cansos na ruda loita*... Antre ises dous grupos, antre os *precursores* i-os *continuadores*, fica il. Foi amigo de Rosalía - a Musae - de Porteiro-o Verbo.

O prólogo é unha longa relembranza dos seus anos mozos, Por él van desfiando tipos, chismes, contos... É unha amena *rexouba* antre vellos amigos.

L. G. S.

A NOSA TERRA. Número CCXVIII, 1.º Noviem-bre 1925.

SUMARIO: D. Florencio Vaamonde, *Cousas*, por Victor Casas, *Luis Porteiro Garea*, *O escriptión da Regueifa en Negreira*, por

M. Magariños Negreira (do S. E. G.) *Follas novas*, *A importación do gando*, *O primeiro Congreso de Economía Gallega*, *Que se es-prique*, *Eu quixen sacal-a vida*, por Luis G. Vicencio, *Lembranza e unha poesía*, por Florencio Vaamonde, *Con permiso*, *A serra da Martiñá* (poesía), por Ramón Otero Pedrayo, *Pequeneces*, por Anxel Leiro, *Lecturas*.

Núm. CCXIX, Nadal, 1925.

SUMARIO: *Ao decorrel-os días*, *O que todo galego ten que saber* (sigue a parte geográfica), *Mulleira*, por B. Bermúdez Jambrina, *A pesar del dialecto*, *Cousas*, por Victor Casas *Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos*, *Un museo interesante no Concello da Cruña*, *Banco Pastor*, *Conversas filolóxicas*, por L. C. *Touros e fútbol*, por Anxel Leiro, *Nos tempos autuaes*, por F. Zamora, *En prosa*, por Manuel Murguía, *Homenaxe a don Florencio Vaamonde*, *Do natural*, por Alvaro Maria Casas, *A Exposición Ibero Americana de Sevilla*, *Carolina Michaelis de de Vasconcellos*, *Lecturas*.

BOLETIN DE LA R. A. GALLEGA, 1.º Diciembre 1925.

SUMARIO: *Letras de duelo*: D. Florencio Vaamonde Lores, por Eladio Rodríguez González, *Un crismón del siglo V*, por Ángel del Castillo *As mámoas do concello de Rairiz*, por Florentino L. Cuevillas, *Seición oficial*.

NAÇÃO PORTUGUESA  
Lisboa, 3.ª Serie, números 5 e 6.

SUMARIO: do número 5: *As cartas da Freira*, por A. Sardinha, *A margem d'un processo*, por Rodriguez Cabalheiro, *Soror Mariana*, soneto d'A. Sardinha, *Un grande jurista português*, - *Frei Serafin de Freitas*, por M. Caetano, *Francisco de Almada e Mendouça ministro en Roma*, por J. R. Ribeiro da Silva, *A política de Africa de El Rei D. Sebastião*, por M. Murias, *Dr. Antonio Maria de Sousa Sardinha - agradecimento*, por id., *Crónicas do mes*, *Relações Luso-espanholas*, *Das ideias, das almas e dos factos*, *Na Peira das Letras*, *Publicações recebidas*.

Do número 6: *Gama Barros*, *As ideias de Duguít*, por A. Sardinha, *Lança en Africa*, por H. Raposo, *A investigação científica en Portugal*, por M. V. Moreira, *A política de Africa de El Rei D. Sebastião*, por M. Murias, *Un gran jurista português*, por M. Caetano, S. A. R. D. Duarte Nuno de Bragança, *Crónica do mes*, *Das ideias, das almas e dos factos*, *A través das revistas e jornaes*, *Publicações recebidas*.

Imprenta LAR. Real, 36 1.º - A CRUÑA

# Motores & máquinas CELTA Marca Rexistrada

Suministros industriaes — **INSTALACIÓS**

**Gasolina Petróleo, aceites pesados SHELL**

**Cubertas - Cámaras - Macizos BERGOUGNAN - MICHELIN**

**JOSÉ RAMON PEREZ CID**

Progreso, 54 e 90 — OURENSE

Fabricación

especial de

toda sorte

de Cristaes

ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Execucion

esmerada

das recetas

dos seño-

res Médicos

Oculistas

**Praza Mayor, 18 - OURENSE**

## **Sanatorio Quirúrgico de Ourense**

Direitor: Don MANUEL POL PIÑEIRO Cirugía

co-a colaboración dos Doutores

**D. FRANCISCO JOSÉ RIONEGRO DÍEZ**

CIRUGÍA

e

**D. MANUEL BOUZO FERNÁNDEZ**

PARTOS E DOENZAS DA MULLER

Situado na carretera da Loña, práticase n-a toda cría d'operaciós de Cirugía gèral, especialidás, ginecología, etc., etc. A pensión é de 10 pesetas diarias, incluída n-ela a manutención, material de curas e visitas médicas diarias. As operaciós e tratamentos, especiais serán oujeto de trato anterior. Hai Gabinete de RAYO X, aparato de DIATERMIA (pra tratam-los anexitis, etc.) e o material eléctrico preciso pra diagnósticos e tratamentos.

NOTA: Hai de cote material esterilizado pra operaciós d'urxencia pra os enfermos que non se poidan traer ó Sanatorio e mais pra partos, dentro e fora da cidade. Pra informes, pódese escribir a calquera dos médicos do establecemento.

OURENSE

Carretera da Loña

Teléfono 179

Púxose à venda o primeiro volume da  
**Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos**

# **OS NENOS**

por **Xosé Filgueira Valverde**,

Pida o seu exemplar a Administración de LAR  
Real 36 -- 1.º A Cruña

Xa apareceu o primeiro volume da

**BIBLIOTECA TEATRAL "LAR"**

que comprende a comedia

## **O Corazón d'un Pedáneo**

orixinal de

**Leandro Carré Alvarellos**

Seguirá **A Biblioteca de novelas Galegas**, que  
publicará grandes novelas orixinales dos mellores  
escritores da nosa Terra

Os suscritores da publicación de nove-  
las curtas **LAR** terán ventaxas para  
a adquisición de estas obras

**Imprenta LAR**

REAL, 36 1.º - A CRUÑA

TRASMITA OS SEUS  
ENCARGOS TIPOGRA-  
FICOS A ESTA IMPRENTA



Augas bicarbonatado-sódicas de  
**M O N D A R I Z**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das  
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Octubre

Sastreria CRECENTE IRMANS

A MILLOR

DE

GALICIA



REAL, 28-1.º

TELÉFONO 180

A CRUÑA

F. ROMÁN E SACO  
DROGUERIA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

AXIÑA  
APARECERÁ

C O U S A S

POR  
CASTELAO

LEA VOSTEDE A  
NOVELA MENSUAL

L A R

Administración e imprenta

REAL, 36 1.º A CRUÑA

SUSCRICIÓN A 6 NÚMAROS 1'60 PESETAS